Táboa 19. Porcentaxe de usuarios que compra bens e servizos por Internet (16-74 anos).

País/região	2011	2018
UE	17	19
España	7	11
Galicia	4	8
Portugal	3	8
Norte	2	7

Fonte: Eurostat

Táboa 20. Porcentaxe de usuarios que utiliza banca electrónica (16-74 anos).

País/región	2011	2018
UE	36	54
España	27	49
Galicia	22	50
Portugal	22	39
Norte	20	33

Fonte: Eurostat

Finalmente, hai dous dominios nos que os habitantes da Eurorrexión si teñen alcanzado a converxencia cos seus homólogos europeos. Trátase da actividade nas redes sociais nas que están, praticamente, á par e, en segundo lugar, no uso da rede para a participación cívico-política na que mesmo están por encima da media da Unión Europea.

Táboa 21. Porcentaxe de usuarios con actividade en redes sociais (16-74 anos).

País/región	2011	2018
UE	38	56
España	35	58
Galicia	31	52
Portugal	32	59
Norte	27	54

Fonte: Eurostat

Táboa 22. Porcentaxe de individuos que usan Internet para a participación cívico-política (16-74 anos).

País/región	2017
UE	16
España	20
Galicia	18
Portugal	19
Norte	17

Fonte: Eurostat

1.8. CONECTIVIDADE E INTERMODALIDADE

A Eurorrexión conta cun aeroporto nodal europeo (Porto) e con outros cinco máis complementarios, de diferentes categorías (Santiago, Coruña, Vigo, Bragança e Chaves). Ten dous dos doce portos nodais que hai na península ibérica (Porto e Coruña). Tamén aparece

conectada, por dobre vía, coa REN-T deseñada pola Comisión Europea, especialmente mellorada pola inminente modificación do Regulamento (UE) 1316/2103 polo que se creou o mecanismo “Conectar Europa” que vai incluír dentro do corredor atlántico, na súa parte de mercadorías ferroviarias, as conexións de Venta de Baños- Leon- Monforte-Ourense - Vigo -Coruña como corredor prioritario da rede global. Danse, pois, as circunstancias acaídas para tirar partido desta conectividade. Mais se temos en conta a existencia de autoestradas do mar que tamén teñen escala neses portos e noutros máis do territorio (Vigo) e cunha terminal ferroviaria complementaria en Monforte de Lemos.


Mapa 5: Corredor Atlántico de mercadorías ferroviarias coa modificación do Regulamento (UE)

1316/2013



Fonte: Ministerio de Fomento

Mapa 6. Redes europeas de REN-T (ferrocarril de altas prestaciones para mercadorías), terminais ferroviárias e portos nodais



Fonte: TRANS-EUROPEAN TRANSPORT NETWORK

Mapa 7. Rede europea nodal de aeroportos e tren de alta velocidade (pasaxeiros). Rede complementaria de aeroportos e ferrocarril



Fonte: TRANS-EUROPEAN TRANSPORT NETWORK

Mapa 8. Redes europeas nodais e complementarias de trens de mercadorías, portos e terminais ferroviarias




Fonte: TRANS-EUROPEAN TRANSPORT NETWORK

Porén, os mapas mostran algúns aspectos difíciles de mellorar no futuro a curto e medio prazo. O deserto ferroviario do interior da Regi o Norte   un deles. Outro que si pode ser abordado son as prestaci s de velocidade alta para o ferrocarril litoral de pasaxeiros nesa mesma rexion. Por contra, un  mbito no que a Eurorrexion est  ben posicionada   o do transporte de mercadorias por estrada.

Mapa 9. Transporte de mercadorias por estrada

Map 11.5: Road freight transport for goods loaded within the EU-28, 2017
(million tonne-kilometres, by NUTS 3 region of loading)



Fonte: Fonte: Eurostat Regional Yearbook 2019

1.9. CLÚSTERES

A creación de clústeres, nos sectores máis competitivos, semella un paso necesario para enfrentar a internacionalización económica eurorrexional. O recoñecemento da calidade deses agrupamentos por organismos como o European Secretariat for Cluster Analysis (ESCA) é un banzo importante que permite visibilizar os esforzos e tirar proveito deles. Ao mesmo tempo, supoñen unha mellora substancial da imaxe de marca da calidade produtiva da Eurorrexión. Sen dúbida, a cooperación entre os clústeres, coa creación de clústeres transfronteirizos, é un camiño ideal para gañar escala desde un enfoque holístico da competitividade. Nesa liña, partíase dun único clúster transfronteirizo no período 2007-2013, o EUROclusTEX (Clúster Téxtil / Roupa / Moda Norte de Portugal - Galicia) e alcanzouse a cifra de cinco no período 2014-2020, sumando clústeres transfronteirizos nos sectores da automoción, das TIC, do metal e da biotecnoloxía. A excelencia e grao de madureza conseguidos por outros clústeres activos no territorio fan pensar nunha ampliación deste número no próximo período de programación.

Táboa 23. Clústeres (En verde, Clústeres con recoñecemento “Gold Label” internacional. En laranxa, Clústeres con recoñecemento “Bronze Label” internacional)

País/región	Sector
Galicia	Acuicultura (Cluster de Acuicultura de Galicia)
	Audiovisual (Audio-visual Cluster en Galicia)
	Gráfico (Cluster da Comunicación Gráfica)
	Alimentación (Cluster Alimentario de Galicia)
	Naval (Asociación Cluster do Naval Galego-ACLUNAGA)
	Granito (Cluster do Granito)
	TIC (Cluster da Tecnoloxía da Información e da Comunicación en Galicia)
	Téxtil (Confederación de Industrias Têxtiles de Galicia-COINTEGA)
	Automoción (Cluster de empresas de Automoción de Galicia-CEAGA)
	Turismo (Clúster Turismo de Galicia)

	Madeira (Cluster da Madeira de Galicia-CMD)
	Saúde (Cluster Saúde Galicia)
	Produtos Mar (ANFACO-CECOPESCA. Cluster Alimentación Mar)
	Biotecnoloxía (Clúster BIOGA)
	PRODUTECH - Pólo das Tecnologias de Produção
	Portuguese AgroFood Cluster
	Health Cluster Portugal
	Cluster da Plataforma Ferroviária Portuguesa
	Cluster da Vinha e do Vinho
Norte	Fórum Oceano - Cluster do Mar Português
	Cluster Smart Cities Portugal
	Cluster do Calçado e Moda
	Mobinov - Cluster Automóvel
	Cluster Têxtil: Tecnología e Moda

Fonte: European Secretariat for Cluster Analysis (ESCA), IAPMEI e Clustersgalicia

1.10. A COOPERACIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA

Na última década as universidades da Eurorrexión teñen ofrecido un importante grao de excelencia que se ve reflectido na presenza de catro das seis públicas no TOP 500 do ARWU (Ranking de Shanghai, que é o referente citado na Estratexia Europa 2020). Porén, cómpre advertir que no máis recentemente publicado (2019) só as dúas portuguesas manteñen esa privilexiada posición.

O programa Iacobus, sen dúbida un dos sinais más evidentes do PIC actualmente en vigor, ten ido labrando camiños para posibilitar o incremento da colaboración entre os equipos

investigadores das institucións de ensino superior do territorio. Uns equipos que, como puidemos ver no apartado do índice de innovación rexional, teñen unha destacada presenza nas publicacións científicas internacionais e van gañando banzos entre as más citadas.

Táboa 24. Universidades con presenza no TOP 500 Ranking ARWU entre 2010-2019

País/região	Institución
Galicia	Santiago de Compostela (USC)
	Vigo
Norte	Porto
	Minho

Fonte: Academic Ranking of World Universities

Táboa 25. Investigadores premiados en Iacobus por publicacións conjuntas en revistas JCR

País/região	Institución
Galicia	Universidade de Vigo (43)
	Universidade de Santiago de Compostela (25)
	Universidade de Coruña (14)
Norte	Universidade de Porto (33)
	Universidade de Minho (23)
	Instituto Politécnico de Porto (9)
	Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro (6)
	Instituto Politécnico de Viana do Castelo (4)
	Instituto Politécnico de Bragança (4)
Norte	Instituto Politécnico do Cávado e Ave (2)
	Universidade Católica Portuguesa (1)

Fonte: GNP AECT

Porén, as universidades e institutos politécnicos non poden ser os destinatarios exclusivos dos esforzos institucionais de cooperación no ámbito da investigación e da transferencia. Os parques tecnolóxicos teñen que ser impelidos a contribuír na mellora dos resultados, moi especialmente na transferencia dos avances logrados ao tecido produtivo eurorrexional. Isto fai, se cabe, máis significativa a implicación de doce centros tecnolóxicos galegos e dez do Norte de Portugal no programa Iacobus. Desta colaboración cabe esperar froitos moi interesantes nos próximos anos

Táboa 26. Centros Tecnolóxicos participantes no programa IACOBUS

País/região	Institución
Galicia	AIMEN Centro tecnológico
	CTAG-Centro tecnológico de automoción de Galicia
	Centro tecnológico ENERGILAB-Eficiencia energética y sostenibilidad
	GRADIENT- Centro tecnológico de telecomunicaciones de Galicia
	Instituto Tecnológico de Galicia
	CETAQUA- Centro tecnológico del agua
	CETIM-Centro tecnológico de investigación multisectorial
	CESGA-Centro de supercomputación de Galicia
	CETMAR-Centro tecnológico del mar
	CIS Madeira
Norte	CIS Galicia
	Centro Tecnológico da Carne
	CATIM- Centro de apoio tecnológico à industria metalomecânica
	CEIIA- Centro de engenharia e desenvolvimento
	CTCOR- Centro tecnológico da cortiça

CVR- Centro para a valorización de residuos

INEGI- Instituto de ciencia e inovação em engenharia mecánica e engenharia industrial

INESC TEC- Instituto de engenharia de sistemas e computadores, tecnologia e ciencia

INL- International Iberian Nanotechnology Laboratory

ISQ- Instituto de soldadura e qualidade

PIEP- Associação polo de inovação em engenharia de polímeros

CTCP- Centro tecnológico do calçado de Portugal

Fonte: GNP AECT

1.11. O COMERCIO EXTERIOR

Galicia e Norte de Portugal son dúas rexións que presentan unha balanza comercial positiva. No caso portugués esta tendencia mantense desde comezos deste século, no caso galego maniféstase a partires da emerxencia da Gran Recesión. En ámbolos dous casos, contribúe eficientemente a mitigar o desequilibrio das balanzas dos seus respectivos países. Esta é unha fortaleza eurorrexional que cómpre acariñar nos próximos anos co esforzo conxunto dos poderes públicos e da sociedade civil. O volume de negocio xerado polo comercio exterior non ten deixado de medrar, mesmo en Galicia se ten dobrado no que vai de centuria.

Táboa 27. Comercio exterior Galicia (en euros e índices).

Export/Import	2000	2005	2010	2015	2018
Exportacións	8.328.565	12.162.714	14.913.205	18.927.473	22.862.874
	100	146	179	227	274
Importacións	8.858.370	13.757.202	13.709.964	15.151.843	19.058.098
	100	155	154	171	215

Fonte: IGE.

Táboa 28. Comercio exterior Norte de Portugal (en euros e índices).

Export/Import	2000	2009	2014
Exportacións	11 387.000	11 859 865	18 255 781
	100	104	160
Importacións	10.916.000	10 542 771	12 838 399
	100	96	118

Fonte: INE.

Os países da Unión Europea son os socios preferentes da Eurorrexión, especialmente no que atinxe ás exportacións. Portugal é o segundo cliente do comercio exterior galego, tanto nas exportacións como nas importacións. España é o primeiro destinatario do comercio exterior do Norte de Portugal, tanto no capítulo exportador como no importador. Este dato realza a importancia e a necesidade de fomentar e incrementar as relacións de cooperación no ámbito eurorrexional, en beneficio mutuo. Francia destácase, nas dúas rexións, como o outro socio preferente clave. En ámbolos dous casos, cómpre estra atentos ao resultado final das negociacións entre a Unión Europea e o Reino Unido, unha vez consumado o Brexit.

Táboa 29. Comercio Exterior Galicia (por países en %)

País/região	Exportacións			Importacións		
	2018	2010	2000	2018	2010	2000
UE28	78	76	81	53,7	53.7	63.4
Francia	18,9	32,4	26,5	26,8	18,5	35,2
Portugal	13,6	15,1	17	9,6	11,4	8,8
Italia	9,7	7,6	8,4	3,8	3,9	4
Reino Unido	7	3,3	7,2	1,6	4,9	5,9
Alemania	5,6	3,5	7,2	3,6	4,7	4,2
Estados Unidos	2,4	2,5	2,6	2,3	2,8	4,3
México	1	0,7	1	3,9	5,5	4,3
China	0,8	0,7	0,4	4,1	4,1	1,3

Fonte: IGE

Táboa 30. Comercio Exterior Norte de Portugal (por países en %)

País/região	Exportacións			Importacións		
	2014	2009	2000	2014	2009	2000
UE28	77,6					
España	24,6	27,8		37	36,6	
Francia	15,1	15,8		13,5		
Alemaña	12,6	13,3			13,8	
Italia				8,3	8,3	
Outros	47,7			41,2		

Fonte: INE

O sector do téxtil e o da automoción e do naval, en Galicia (49% do total), e o das máquinas e aparellos e téxtil, no Norte (27,6%), son os que máis achegan no campo das exportacións, sen esquecer a importancia do calzado, no Norte, e da minería e da gandería en Galicia. Obsérvase unha maior diversificación da gama de produtos no Norte e un interesante predominio dos bens elaborados sobre os non transformados.

Táboa 29. Principais produtos de exportación en Galicia, en 2018 (%)

Téxtil	Automoción e Naval	Minería	Animais vivos e derivados	Metais	Máquinas e aparellos	Agroalimentación
25,5	23,5	8,6	8,2	6,7	6,1	3,9

Fonte: IGE

Táboa 30. Principais produtos de exportación Norte de Portugal, en 2014 (%)

Máquinas e aparellos	Téxtil	Calzado	Outros			
15,1	12,5	9,6	62,8			

Fonte: INE

No campo das importacións, Galicia volve presentar un maior grao de concentración da súa gama de produtos con tres (automoción e naval, minería e gandería) que representan o 59% do total. Pola súa parte, o Norte reúne nos seus tres produtos más importantes (máquinas e aparellos, metais e agroalimentación) o 42,7% do total, mostrando un maior grao de concentración aquí que nas exportacións. Tanto nun caso como no outro cómpre destacar a

ausencia nos primeiros postos de importación dos produtos téxtils, tan importantes no ámbito exportador eurorrexional.

Táboa 31. Principais produtos de importación en Galicia, en 2018 (%)

Automoción e Naval	Minería	Animais vivos e derivados	Téxtil	Metais	Máquinas e aparellos	Agroalimentación
28,5	18,2	12,3	9,3	8,6	5,9	4,1

Fonte: IGE

Táboa 32. Principais produtos de importación Norte de Portugal, en 2014 (%)

Máquinas e aparellos	Metais	Agroalimentación	Outros			
19,2	11,8	11,7	57,3			

Fonte: INE

2. UNHA EURORREXIÓN MÁIS ECOLÓXICA E DESCARBONIZADA PARA AFRONTAR O CAMBIO AMBIENTAL GLOBAL E A TRANSICIÓN ENERXÉTICA XUSTA

A pandemia da COVID-19 ten posto de manifesto que a perda de biodiversidade, asociada con modelos de produción e pautas de consumo ata o de agora predominantes na nosa sociedade, representa a maior ameaza para o progreso económico e social e, mesmo, para o propia supervivencia da nosa especie. Non pode haber dúbidas sobre a necesidade de impulsar unha Eurorrexión verde, contando como contamos cun sector primario de enormes potencialidades, e tamén azul, explotando de xeito sostible a riqueza do océano que nos baña.

2.1. PROTECCIÓN DA BIODIVERSIDADE

A Eurorrexión conta no seu territorio con dous parques nacionais (Peneda-Gerês e Illas Atlánticas), a figura de protección da biodiversidade más importantes no ámbito internacional. Seis son as reservas da biosfera recoñecidas pola UNESCO, entre as que destaca a transfronteiriza da Meseta Ibérica que, na Região Norte, inclúe dous parques naturais e un espazo protexido. Os parques naturais, a segunda figura de maior protección en cada país, son dez no territorio, aos que cómpre engadir os seis espazos ou paisaxes protexidas. Porén, hai algunha asimetría que interesa contemplar. Sirvan dous exemplos: a reserva da bioesfera transfronteiriza Gerês-Xurés é parque nacional en Portugal e natural en Galicia; a cunca do río Támega, no seu percorrido pola Eurocidade Chaves-Verín, forma parte da Rede Natura 2000 en Portugal e non ten esa condición en Galicia.

Táboa 33. Espazos protexidos na Eurorrexión

País/região	Parques Nacionais	Reservas Biosfera	Parques Naturais	Espazos Protexidos
Norte	Peneda-Gerês	Transfronteiriza da Meseta Ibérica	Alvão Montesinho Douro Internacional Vale do Tua Litoral Norte	Litoral Vila do Conde Parque das Serras do Porto Corno do Bico Lagoas de Bertiandos e São Pedro de Arcos Albufeira do Azibo
Galicia	Illas Atlánticas	Ancares Eo, Oscos e Terras de Burón Terras do Miño Área de Allariz Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo	Serra da Enciña da Lastra Baixa Limia e Serra do Xurés O Invernadoiro Monte Aloia Dunas de Corrubedo Fragas do Eume	Razo-Baldaio


Fonte: INE e IGE

Precisamente a extensión do territorio acollido á protección da Rede Natura 2000 é comparativamente pequena na Eurorrexión, no contexto da península ibérica e da Unión Europea no seu conxunto. En realidade, a maioría deses espazos aparecen xa protexidos dentro doutras figuras normativas xa comentadas (parques nacionais ou naturais e espazos ou paisaxes protexidas) e entre os que só pertencen a Rede Natura 2000 destacan enclaves como: enseada de San Simón, Ribeira Sacra, Terras de Cavaleiros ou Viana de Castelo.

Mapa 10. A Rede Natura 2000 na Unión Europea

EU-27 - Habitats Directive sites

Figure File — Created 12 Nov 2009 — Last modified 11 Sep 2015




Fonte: European Environment Agency

2.2. RISCO DE INUNDACIÓNS E SECAS

O litoral da Eurorrexión presenta uns riscos de inundacións, como consecuencia do cambio ambiental global que oscila entre o moderado e o moi elevado. Na Região Norte, a área metropolitana do Porto é, sen dúbida, a zona máis ameazada, así como a cunca do Cávado e, en menor medida as do Lima e do Ave. En Galicia hai 543 km de cuncas fluviais costeiras ameazadas con especial atención a ría de Vigo, a cunca do Umia, a ría de Arousa e as cuncas do Ulla e do Sar e a ría de Muros e cunca do Tambre. Os 1498 km de costa de Galicia supoñen o 19% do total das costas españolas. As secas, derivadas do cambio ambiental global, son outro risco a prever.

Mapa 11. Risco de inundacións en Portugal.



Fuente: Luis Sá (2011). *Risco de Inundações – Uma metodologia para a sua cartografia.*
Territorium 18

Mapa 12. Risco de inundacións en Galicia

Ámbito territorial da cartografía de zonas inundables sometida a consulta pública



Figura 2: ARPSIs Zona Norte



Figura 3: ARPSIs Zona Centro



Fonte: Augas de Galicia

https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/xestionRiscolnundacion/MAPRI_ARPSIsFluviaisMemoria_gl.pdf

2.3. INCENDIOS FORESTAIOS

Outro dos grandes riscos naturais aos que se enfrenta a Eurorrexión é o xerado polos incendios forestais. Nas últimas campañas documentadas, a Região Norte sufriu a metade dos incendios forestais, superiores a unha hectárea, ocorridos en Portugal, cando só ten o 23% da superficie do país. Pero non só é importante o número senón o seu impacto sobre a superficie afectada. En efecto, o Norte tamén ten o triste dato de representar bastante máis da metade da superficie calcinada en Portugal. Son cifras que cómpre minorar o máis axiña posible.

Táboa 34. Incendios Forestais en Portugal

País/região	Nº de incendios (superior a 1 ha)			Superficie en has		
	2014	2015	2016	2014	2015	2016
Portugal	9.388	19.643	16.104	22.812	67.179	168.286
Norte	4.045 (43%)	10.671 (54,3%)	9.525 (59,1%)	7.361 (32,2%)	34.360 (51,1%)	116.727 (69,3%)

Fonte: INE

Pola súa banda, Galicia sufriu un número de incendios, nos últimos anos rexistrados, que se aproxima á quinta parte dos acontecidos en España, cando só representa o 6% da superficie do seu país. Polo que refire á superficie queimada, a porcentaxe de participación de Galicia elévase a case un terzo. Ao igual que no Norte de Portugal, son cifras alarmantes que obrigan tanto aos poderes públicos como a sociedade civil a incrementar os seus esforzos para minoralos o más rapidamente que sexa posible. Desde logo, o impacto ambiental dos incendios é un dos elementos más activos a prol do cambio ambiental global no territorio e, xa que logo, debe ser unha prioridade o combatelos.


Táboa 35. Incendios Forestais en España

País/região	Nº de incendios (superior a 1 ha)			Superficie en has		
	2016	2017	2018	2016	2017	2018
España	2.338	5.088	1.989	65.816	178.233	25.162
Galicia	528 (22,5%)	947 (18,6%)	247 (12,4%)	21.112 (32%)	61.901 (34,7%)	2.618 (10,4%)

Fonte: INE

As estatísticas mostran a importante incidencia dos incendios sobre a superficie forestal en ambos Estados. Ao longo da fronteira, o perigo de incendio varía entre moderado, alto ou moi alto. A loita contra os incendios forestais na fronteira ten demostrado, máis que nunca nos últimos anos, a necesidade de cooperar entre ambos países e de reforzar a capacidade operativa dos medios de extinción. Os incendios son cada vez más rápidos e de maior envergadura cruzando a fronteira moi axiña.

Mapa 13: Lumes en Galicia (2011-2020)



Fonte: Dirección Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural

2.4. ENERXÍA

Un dos aspectos nos que a Eurorrexión aparece ben posicionada nos obxectivos da Axenda Europa 2020 é, sen dúbida, o das enerxías renovables. En efecto, fronte ameta europea de alcanzar un 20% de xeración deste tipo de enerxías, Galicia xa logrou, en 2018, unha porcentaxe do 37,2% e, aínda que non dispomos de datos desagregados para o Norte, o conxunto po país portugués xa conseguiu situar a súa porcentaxe de enerxías renovables por encima do 30%.

Táboa 36. Porcentaxe de enerxía de fontes renovables

País/rexión	2005	2010	2015	2018
UE28	9,1	13,1	16,7	17,9
España	8,4	13,8	16,2	17,4
Galicia	20,3	35	38	37,2
Portugal	19,5	24,1	30,5	30,3
Norte				

Fonte: Eurostat, IGE.

No que atinxe á eficiencia enerxética, non dispomos de datos desgregados, pero os dous países, España e Portugal, presentan unhas cifras próximas á media da Unión Europea, apenas seis puntos por baixo dos 94 do conxunto comunitario. A converxencia neste ámbito semella un obxectivo plausible para o próximo período de programación que vai comezar.

Táboa 37. Evolución da eficiencia enerxética no consumo final enerxético (100=2005)

País/visión	2010	2015	2018
UE	97,73	91,31	94,17
España	90,83	81,92	88,54
Portugal	95,20	84,21	88,93

Fonte: Eurostat

2.5. XESTIÓN DE RESIDUOS

Un dos paradigmas centrais da economía circular reside na xestión eficaz e eficiente dos residuos xerados polas diferentes actividades humanas. Unha xestión que ten que pasar pola redución do seu volume e pola reutilización máxima dos subprodutos conseguidos co seu tratamento, grazas a procesos de reciclado. Ao mesmo tempo, cómpre procurar que a eliminación dos residuos sobrantes teña o menor impacto posible sobre o ambiente e a xeración de gases de efecto invernadoiro. Galicia ten neste campo unha materia pendente dado que só o 19% dos seus residuos municipais se reciclan ou se derivan á compostaxe. Practicamente a metade son eliminados mediante a incineración e o terzo restante aínda se destina a vertedoiros. Resulta preciso minorar o máis axiña posible o volume de residuos derivados cara estes procedementos en beneficio dos dous primeiros.


Táboa 38. Residuos municipais, en 2017, con sistemas de tratamento en %

País/rexión	Reciclado	Compostado	Vertido	Incinerado
España	18,3	17,8	51,2	12,7
Galicia	13,5	5,5	32,4	48,4


Fonte: INE

Pola súa parte, Portugal está a facer, nos últimos anos, un esforzo notable que o levou a ter preparado para reciclar apenas o 18% dos seus residuos urbanos, en 2008, a alcanzar o 40% en 2018. Con todo, continúa aterrando un terzo dos seus residuos co impacto negativo sobre o ambiente que iso representa.

Figura 1. Tratamentos de Residuos Urbanos en Portugal



RU por operação de gestão em Portugal continental, em 2018



Fonte: Agência Portuguesa do Ambiente

2.6. O CICLO DA AUGA

Polas características edafolóxicas da Eurorrexión, o predominio das augas superficiais, procedentes basicamente de cuncas fluviais, na captación de auga resulta abafante, moi por

encima da porcentaxe dos seus respectivos países. A calidade da auga subministrada é moi alta. Evitar a contaminación, de calquera tipo, dos caudais fluviais é unha prioridade imperativa para manter eses estándares.

Táboa 39. Tipos de captación de auga (2016) en %

País/rexión	Auga superficial	Auga subterránea	Desalada
España	65,6	29,5	4,8
Galicia	95,6	4,3	0
Portugal (Continente)	69,8	30,2	0
Norte	92,6	7,3	0

Fonte: INE.

Porén, a absoluta subordinación da captación de auga de orixe superficial provoca unha dependencia excesiva do volume de precipitacións anuais. A tendencia das series históricas, tanto en Galicia como na Região Norte, mostran unha preocupante evolución a baixa nas últimas décadas e o cambio ambiental global que estamos a vivir semella orientarse a manter e incrementar esa baixa. Isto significa que cómpre apostar por un uso axeitado dun ben esencial e cada vez máis escaso.

Figura 2. Evolución do volume anual de precipitacións en Galicia





Figura 2. Valores anuales de precipitación promediados para toda Galicia entre 1951 y 2016.

Fonte: Sección de Climatología de la Delegación Territorial de Aemet en Galicia

Figura 3. Evolución histórica das secas en Portugal



Fonte: IPMA

Polo que atinxe ao destino da auga subministrada, os datos desgregados para Galicia, non difiren substancialmente das cifras do conxunto español, coa metade dedicada ao consumo doméstico e lago más dunha cuarta parte perdida nas redes de subministro. Esta última porcentaxe é unha debilidade que cómpre atallar sen demora. Máxime dada a evolución pluviométrica que acabamos de ver. A cada vez máis irregular distribución de precipitacións na Eurorrexión unida á dependencia das augas superficiais e a súa escasa capacidade de almacenamento a través de infraestruturas hidráulicas aconsellan orientar as políticas públicas cara a diminución das perdas nos sistemas de abastecemento. A dispersión da poboación no territorio provoca que deban implementarse estratexias específicas para solucionar os retos que se presentan para garantir os servizos básicos de abastecemento, saneamento e depuración nas zonas rurais. Esta estratexia resulta fundamental para fomentar i desenvolvemento local integrado nos ámbitos social, económico e medioambiental en zonas afectadas por unha baixa densidade de poboación.


Táboa 40. Volume de auga subministrada (2016) en %

País/rexión	Fogares	Economía	Consumo Municipal	Perdas
España	53,5	14,7	6,2	25,4
Galicia	52,6	15,2	4,6	27,3

Fonte: INE.

O ciclo da auga constitúe un dos piares da economía circular. A mellora da eficiencia nos sistemas de abastecemento, saneamento e depuración é un aspecto clave para contribuír á implementación do modelo de economía circular no ciclo da auga buscando optimizar a utilización dos recursos. O tratamento das augas residuais ten ademais un impacto considerable na saúde humana e na conservación dos ecosistemas. Certamente, tense avanzado moito nas últimas décadas. Sirva como exemplo o dato portugués no que se pode observar como dous terzos das augas residuais reciben un tratamento secundario, mediante procesos biolóxicos para transformar a materia orgánica disolvida en sólidos suspendidos, e mesmo terciario, que acostuman engadir, aos biolóxicos, procesos químicos como a desinfección.

Figura 4. Tratamento das augas residuais en Portugal



A reutilización crecente das augas residuais, previamente tratadas, é un dos obxectivos centrais da economía circular. Os datos desagregados indican que a porcentaxe en Galicia é aínda moi pequena (8.8%) e mesmo inferior á media española. Así mesmo, o seu destino continúa a ser moi primario, regado de xardíns e limpeza e baldeado de rúas, sen ter incluído a agricultura ou a industria.

Táboa 41. Destino auga reutilizable (2016) en %

País/rexión	Agricultura	Industria	Xardíns e zonas de lecer	Limpeza e baldeado rúas/Outros
España (10.4%)	61.2	5.1	19	14,7
Galicia (8.8%)	0	0	80	20

Fonte: INE.

Esta mesma orientación primaria volve manifestarse no uso dado a un dos subprodutos más interesantes dos procesos de tratamiento das augas residuais como son os lodos. En Galicia, más da metade van parar a vertedoiros e o resto a usos agrícolas ou de xardinería, en evidente contraste coa media española que destina a esta última utilidade o 80% dos lodos xerados e mesmo un 10% a xeración de enerxía.

Táboa 42. Destino de lodos de augas tratadas (2016) en %

País/rexión	Agricultura e xardíns	Enerxía	Vertedoiro
España	80.2	9.8	10.3
Galicia	44.3	0	55,7

Fonte: INE.

3. UNHA EUORREXIÓN MÁS SOCIAL, INTEGRADORA, RESILIENTE E SEGURA PARA ENCARAR O DESAFÍO DEMOGRÁFICO E AS AMEAZAS Á SAÚDE PÚBLICA

O cambio demográfico que afecta á Eurorrexión, á península ibérica e ao conxunto da Unión Europea, en maior ou menor medida, está caracterizado por un minguante crecemento vexetativo cunhas baixas taxas de fecundidade, crescentes taxas de envellecemento e dependencia senil e saldos migratorios que non sempre compensan e permiten o crecemento

real da poboación. Ademais, prodúcense uns movementos internos da poboación que provocan contornas rurais interiores con moi baixas densidades de poboación, mentres medra a poboación urbana, especialmente no litoral no caso da Eurorrexión. Por outra parte, as consecuencias da gran recesión e agora da COVID-19 impidiron alcanzar o obxectivo de reducir a pobreza, incluído na Estratexia Europa 2020, e mesmo están a ocasionar un incremento da desigualdade social co adelgazamento das cohortes das clases medias e o regreso de diversas formas de pobreza como a pobreza infantil.

3.1. A POBOACIÓN

A evolución global da poboación eurorrexional presenta, nas últimas décadas, evidentes contrastes na comparativa coa Unión Europea, onde se observa unha tendencia lixeiramente crecente do volume final. O mesmo ocorre se a comparación se fai cos seus respectivos países. España ten un forte crecemento, derivado dos fluxos migratorios na primeira década deste século. Portugal rexistra un mínimo crecemento, lastrado pola evolución da última década. En contraste, o Norte reflicte un estancamento, logo de experimentar un certo crecemento nos anos previos á Gran Recesión. Finalmente, Galicia ten un lixeiro decrecimiento ao non poder manter o lixeiro repunte alcanzado nos anos previos á Gran Recesión. Sen dúbida, o rebrote da emigración como consecuencia da crise acelerou esa tendencia ao estancamento ou mesmo ao decrecemento.

Táboa 43. Evolución da poboación total (1990=100)

País/rexión	2019	2015	2010	2005	2000	1995
UE27	106,8	106,1	105,4	103,9	102,4	101,4
España	120,8	119,5	119,6	111,4	104,1	102
Galicia	98,1	99,3	100,7	98,8	98,2	99,1
Portugal	102,8	103,7	105,7	104,9	102,5	100,1
Norte (1995=100)	100,5	101,9	104,3	104,6	102,8	100

Fonte: Eurostat

Esta evolución ten unha clara correlación coas densidades de poboación. En efecto, Galicia mostra un claro estancamento, con relación ao punto de partida en 1990, fronte ao importante crecemento do conxunto español. O Norte un lixeiro crecemento, en liña co conxunto portugués.

Táboa 44. Evolución da densidade de poboación

País/región	1990	2000	2010	2018
UE27	101,5	104,2	107,3	108,8
España	76,8	80,2	92,8	93,1
Galicia	92,8	91,3	94,5	92
Portugal	108,3	111,7	114,7	113
Norte	163,3	172,2	173,8	169,3

Fonte: Eurostat

3.2. O CAMBIO DEMOGRÁFICO: O ENVELLECIMENTO

Unha das características más evidentes do cambio demográfico que se está a vivir en Europa é o progresivo envellecemento da poboación. No que vai de século, no Norte hai 7% máis de persoas con 65 anos ou máis. En Galicia esa porcentaxe é do 5%. Por contra, no Norte viven un 5% menos de persoas que non alcanzan os 15 anos. En Galicia, o decrecemento nestas cohortes apenas alcanza o 1%. Quere isto dicir, que o Norte está transitar de forma acelerada por un camiño, mesmo se a comparación se fai co conxunto portugués, que no caso de Galicia levou máis tempo.

Táboa 45. Porcentaxes de poboación por idades

País/rexión	0-14			15-64			65 ou máis		
	2019	2010	2000	2019	2010	2000	2019	2010	2000
UE27	15,17	15,42		64,57	66,95		20,25	17,62	
España	14,76	14,91	14,80	65,83	68,28	68,62	19,39	16,80	16,53
Galicia	11,87	11,62	12,34	62,96	66,25	67,50	25,16	22,11	20,14
Portugal	13,69	15,30	16,50	64,46	66,44	67,46	21,83	18,25	11,41
Norte	12,82	15,51	18,04	66,70	68,31	68,35	20,46	16,16	13,59

Fonte: Eurostat.

En lóxica coherencia, o fenómeno da aceleración do cambio demográfico no Norte, para achegarse ás cifras de Galicia, ten a súa translación aos índices de envellecemento, dependencia xuvenil e dependencia senil. Hai, porén, algúns matices. A aceleración no índice de

envellecemento, no que vai de século, é moito máis evidente en Galicia, por contra sucede o contrario coa dependencia xuvenil e coa dependencia senil.

Táboa 46. Índices de envellecemento, dependencia xuvenil e senil

País/rexión	Índice de envellecemento (<15/>65 x 100)			Índice de dependencia xuvenil (<15/15-64 x 100)			Índice de dependencia senil (>65/15-64 x 100)		
	2000	2010	2019	2000	2010	2019	2000	2010	2019
España	45,6	46,4	51,9	21,6	21,8	22,4	24,1	24,6	29,5
Galicia	48,6	50,9	58,8	18,5	17,5	18,9	30,2	33,4	40
Portugal	48,2	50,5	55,1	24,5	23	21,2	23,8	27,5	33,9
Norte	46,3	46,4	49,9	26,4	22,7	19,2	19,9	23,7	30,7

Fonte: Eurostat.

A medida que medran as cohortes más vedrañas, as taxas brutas de mortalidade vanse incrementando. Porén, as diferencias áinda son notables entre os dous compoñentes da Eurorrexión. Así, mentres Galicia marca unha cima superando en dous puntos á do conxunto español, o Norte aínda queda un punto por baixo do conxunto portugués –se ben superaría tamén a do conxunto español–.

Táboa 47. Mortalidade

País/rexión	Taxa bruta de mortalidade		
	2000	2010	2018
España	8,9	8,2	9,1
Galicia	10,7	10,7	12
Portugal	10,2	10	11
Norte	8,6	8,7	9,9

Fonte: Eurostat, IGE e INE (Esp.)

O envellecemento ten unha consecuencia moi positiva, o alargamento da esperanza de vida. Isto tradúcese na presenza dunha cohorte de máis de 85 anos que en Galicia está a piques de dobrar en porcentaxe á media da Unión Europea. Polo que respecta a esperanza de vida, a Eurorrexión está na media do seu país, no caso galego, e mesmo por encima, no caso do Norte. Ambas dúas rexións superan claramente a media da Unión Europea (81 anos).

Táboa 48. Porcentaxe de persoas con máis de 85 anos (%)

País/rexión	1990	2000	2010	2019
UE27			2,1	2,8
España	1,1	1,6	2,1	3,2
Galicia	1,4	2,2	3,1	4,6
Portugal	0,8	1,4	1,9	3
Norte		1,1	1,6	2,6

Fonte: Eurostat

Táboa 49. Esperanza de vida

País/rexión	Esperanza de vida ao nacer		
	2000	2010	2018
España	79,3	82,4	83,5
Galicia	79,4	82,3	83,5
Portugal	76,8	80,1	81,5
Norte	77,2	80,5	82

Fonte: Eurostat.

O feito de que exista unha clara asimetría entre o homes e mulleres, no que a esperanza de vida se refire, reflíctese na feminización das cohortes que superan os 75 anos. Con todo, tanto no Norte como en Galicia hai unha tendencia cara a diminución dese desequilibrio que segue a superar os dez puntos.

Tabla 50. Porcentaxes de mulleres con 75 anos ou máis (sobre o total dese sector)


País/rexión	75 ou máis		
	2019	2010	2000
UE27	60,91	63,06	
España	60,30	61,21	62,93
Galicia	60,87	62,02	63,86
Portugal	61,74	62,02	62,29
Norte	61,64	62,23	62,87

Fonte: Eurostat.

No contexto dunha Europa envellecida, as mulleres da Eurorrexión superan a media da esperanza de vida da Unión Europea, situada nos 83,5 anos de vida ao nacer.

Mapa 14. Esperanza de vida feminina ao nacer (2015-2017)

Map 2.1: Female life expectancy at birth, 2015-2017
(years, by NUTS 2 regions)



Note: information shown for a three-year average. Albania: national data. Northern and Western (IE04), Southern (IE05), Eastern and Midland (IE06), Eastern Scotland (UKM7), West Central Scotland (UKM8), Southern Scotland (UKM9), Beogradski region (RS11), Region Vojvodine (RS12), Region Šumadija i Zapadne Srbije (RS21) and Region Južne i Istočne Srbije (RS22); 2017. Guyane (FRY3); 2016-2017. Mayotte (FRY5); 2015 and 2017. Guadeloupe (FRY1) and Mardin, Batman, Şırnak, Siirt (TRC3); 2016.

Source: Eurostat (online data codes: demo_r_mlfexp and demo_mlxexp).

Non se pode finalizar a reflexión sobre o incremento da esperanza de vida sen deixar constancia dunha das fortalezas da demografía eurorrexional: a taxa bruta de mortalidade infantil.

Táboa 51. Taxas de mortalidade infantil

País/rexión	1990	2000	2010	2018
UE27	10,7	6	4	3,4
España	7,6	4,3	3,2	2,7
Galicia	8,4	4,2	2,2	2,4
Portugal	10,9	5,5	2,5	3,3
Norte	13,1	5,8	2,1	2,8

Fonte: Eurostat

Outro dato relevante, vinculado co progresivo envellecemento da poboación é o incremento da idade media da poboación. Unha vez máis, as cifras tanto do Norte como de Galicia superan a media da Unión Europea, situada en 43,1 anos en 2018.

Táboa 52. Idade media da poboación

País/rexión	Idade media		
	2000	2010	2019
España	37,2	39,9	44
Galicia	40,5	44	47,9
Portugal	37,5	41,2	45,2
Norte	35,3	40,4	45,3

Fonte: Eurostat.

3.3. O CAMBIO DEMOGRÁFICO: A FECUNDIDADE

Se as taxas de mortalidade están a medrar como un elemento máis do cambio demográfico que está a vivir Europa, coas de natalidade acontece todo o contrario. Están a decrecer en todo o continente. Na Eurorrexión esa caída é más intensa se cabe. Galicia mostra uns números de dous puntos menos que o conxunto español. O Norte case un punto menos que o conxunto portugués. España e Portugal, pola súa banda, presentan unhas cifras case dous puntos por baixo da media da Unión Europea. Ao igual que acontecía coa evolución xeral da poboación, a

Região Norte está a sufrir un acelerado proceso de achegamento as resultados galego. Mesmo, neste caso, partindo de taxas más altas que Portugal, ao comezo do século, tenas agora más baixas.

Táboa 53. Natalidade

País/rexión	Taxa bruta de natalidade		
	2000	2010	2018
España	9,8	10,4	8,2
Galicia	7,2	8	6,13
Portugal	11,7	9,6	8,5
Norte	12,1	8,9	7,7

Fonte: Eurostat, IGE e INE (Esp.)

O descenso na natalidade está directamente vinculado coa fecundidade. Porén, os datos desagregados permiten observar unha certa tendencia ao estancamento da caída, cando non a unha lixeira recuperación. Tamén no Norte parece frearse a forte caída da primeira década. A idade media da muller ao primeiro parto segue a medrar, por encima das medias nacionais, nas dúas rexións que, ademais, presentan unha certa tendencia á converxencia nesa idade, que xa supera os 30 anos.

Táboa 54. Fecundidade


País/rexión	Taxa de fecundidade			Idade media da muller ao parto			Mediana de idade da mullera ao parto		
	2000	2010	2019	2000	2010	2019	2000	2010	2019
España	1,22	1,37	1,26	30,7	31,2	32,2	31	32,5	33,7
Galicia	0,96	1,09	1,04	30,5	31,8	32,8	30,6	32,9	34,6
Portugal	1,55	1,39	1,42	28,6	29,8	31,4	28,5	30,9	32,4
Norte	1,52	1,27	1,26	28,5	29,8	31,7	28,4	30,7	32,6

Fonte: Eurostat.

Se facemos a comparación coa Unión Europea, daquela o mapa de NUTS III reflicte moi ben a posición de vanguarda da Eurorrexión no retroceso desas taxas, bastante inferiores ao 1,59 de media comunitaria.

Mapa 15. Taxas de fecundidade na Unión Europea (2017)

Map 2.3: Total fertility rate, 2017
 (number of children per woman, by NUTS 3 regions)



Note: the total fertility rate is defined as the mean number of children that would be born alive to a woman during her lifetime if she were to survive and pass through her childbearing years conforming to the fertility rates by age of a given year.

Source: Eurostat (online data codes: demo_r_fnd3 and demo_fnd)

Fonte: Eurostat Regional Yearbook 2019

3.4. O CAMBIO DEMOGRÁFICO: OS MOVEMENTOS NATURAL E REAL DA POBOACIÓN

Acorde con todos os datos sinalados con anterioridade como característicos do cambio demográfico que vive a Eurorrexión, a taxa bruta do movemento natural da poboación mostra un resultado negativo no último ano rexistrado, pero mentres que a caída é continua para o Norte de Portugal, desde o comezo do século cando tiña un importante crecemento, en Galicia,

que xa partía dun decrecemento houbo unha tendencia a frear esa caída que se truncou cos efectos da Gran Recesión. Tamén neste caso, hai unha tendencia á converxencia eurorrexional. No 2000 había unha diferenza de seis puntos entre as taxas de Galicia e as do Norte que se ten reducido ata os catro no último ano.

Táboa 55. Taxa bruta de movemento natural da poboación

País/rexión	Taxa bruta de movemento natural		
	2000	2010	2018
España	0,9	2,3	-1,2
Galicia	-3,4	-2,8	-5,9
Portugal	1,4	-0,4	-2,5
Norte	3,6	0,2	-2,2

Fonte: Eurostat, IGE e INE (Esp.)

As taxas brutas do movemento real da poboación tamén resultan negativas no último ano rexistrado. Porén, o Norte mostra unha certa recuperación despois da moi forte caída da primeira década do século. En Galicia repítense o patrón que xa vimos no crecemento natural, unha recuperación que se viu frustrada co impacto da Gran Recesión.

Táboa 56. Taxa bruta de movemento real da poboación

País/rexión	Taxa bruta de movemento real		
	2000	2010	2018
España	4,8	3,9	6
Galicia	-1,6	0,3	-1
Portugal	7,9	-0,1	-1,4
Norte	7,5	-3,4	-1

Fonte: Eurostat

Con todo, as cifras do movemento real, aínda que negativas, non o son tanto como as do crecemento natural. A explicación reside no saldo migratorio positivo que rexistra a Eurorrexión no último ano recollido. Galicia presenta un crecemento sostido dese saldo, se ben cunha certa desaceleración trala Gran Recesión. O Norte, pola contra, ten unha evolución en dente de serra, cunha forte caída na primeira década compensada coa recuperación tida na segunda.

Táboa 57. Taxa bruta de migración neta

País/rexión	Taxa bruta de migración neta		
	2000	2010	2018
España	3,9	1,6	7,1
Galicia	1,8	3,1	4,9
Portugal	6,5	0,4	1,1
Norte	4	-3,5	1,1

Fonte: Eurostat

3.5. O PODER ADQUISITIVO

Un dos mellores indicadores para medir a fondura da Gran Recesión e as súas consecuencias socio-económicas na Eurorrexión é comparar o ano no que se recuperou o poder de compra estándar por habitante que había en 2008, xusto cando comeza o novo ciclo económico. O conxunto da Unión Europea só tivo que agardar tres anos para volver as cifras da pre-crise. A Região Norte alcanzou ese obxectivo cinco anos despois, un ano antes que o conxunto portugués, mostrando así un certo grao de resiliencia. En Galicia, ao igual que no conxunto español, cómpre agardar sete anos para recuperar o poder de compra que se tiña en 2008.


Táboa 58. Ano en que se recupera o poder de compra estándar por habitante obtido en 2008

País/rexión	2008	2011	2013	2014	2015
UE27	25.700	25.800			
España	26.300				26.300
Galicia	23.000				23.500
Portugal	21.100			21.200	
Norte	16.900		17.000		

Fonte: Eurostat

Non só se tardou máis na recuperación, senón que esta foi máis cativa que a do conxunto da Unión Europea. De feito, os números da Eurorrexión sitúana ao mesmo nivel que o da maioría dos países da Europa Central e Oriental que ingresaron na Unión Europea en 2004. Só Grecia, algunas Comunidades Autónomas españolas e o Mezzogiorno italiano teñen peores números.

Mapa 16. Renda dispoñible dos fogares (2016)



Note: Ireland, France, the Netherlands, Poland and Norway, national data. Lithuania: 2010-2016. Iceland: 2008-2014. Germany: estimates. Greece, Spain and France: provisional. Romania: break in series.

Source: Eurostat (online data codes: nama_10r_2hhinc_nasa_10_rf_irand_nama_10_cei)

Fonte: Eurostat Regional Yearbook 2019

3.6. O ACCESO AO EMPREGO

A estratexia Europa 2020 marcábase como un dos seus cinco obxectivos que o 75% da poboación, entre os 20 e os 64 anos, estivera empregada. Os datos indican que iso non vai ser así, sen embargo, as causas son diferentes en Galicia e no Norte. En efecto, a Región Norte está

por encima da media comunitaria, áínda que por baixo da do conxunto portugués. Galicia está por baixo da media comunitaria áínda que por encima do conxunto español. Outra meta implícita da Axenda Europa 2020 era achegar as cifras de empregados maiores de 55 anos ás de EE.UU. e Xapón, tampouco se vai conseguir. Aquí, tanto o Norte como Galicia están por baixo da media comunitaria e das dos seus respectivos países, mesmo no caso de Galicia demasiado alonxada da media comunitaria.

Táboa 59. Taxas de emprego en 2019.

País/rexión	Poboación activa	Poboación +55 anos
Unión Europea	68,4%	59,1
España	63,3%	53,8
Galicia	63,8%	52,5
Portugal	70,5%	60,4
Norte	69%	56,2

Fonte: Eurostat.

Se o emprego de maiores de 55 anos é inferior á media da Unión Europea, as persoas mozas non o teñen más fácil. Un indicador interesante é do emprego aos tres anos de terminar a formación e segundo o grao de formación recibida. Na Eurorrexión, en termos comparativos coa Unión Europea, é más doadoo encontrar traballo con nivel baixo de estudos que con estudos superiores. Isto, loxicamente, tradúcese logo nos salarios e, tamén en parte, na produtividade. Por contra, especialmente en Galicia, os titulados superiores teñen máis dificultades que os seus homólogos europeos para acceder a un primeiro traballo.

Táboa 60. Porcentaxe de persoas mozas (15-34 anos) empregadas segundo formación aos tres anos de terminar estudos

País/rexión	Estudos ata secundaria obligatoria (níveis 0-2)			Estudos secundarios (níveis 3-4)			Estudos superiores (níveis 5-8)		
	2000	2010	2019	2000	2010	2019	2000	2010	2019
UE 27		36,1	38,9		69	73,4		82,1	85
España	60,7	30,2	33,7	66,3	54,6	59,1	78,2	74,5	77,3
Galicia	59,4	31	51,7	71,5	68,4	62,6	62,2	76,9	75,8
Portugal	81,3	66,9	53,6	87,8	76,1	74,1	92	83,4	85,3
Norte	84,8	63,9	57,9	90,6	73,4	75,6	95,6	82,7	83,7

Fonte: Eurostat.

A baixa cualificación da formación das persoas empregadas na Eurorrexión é unha cuestión sobre a que cómpre reflexionar seriamente, porque como adiantamos ten evidentes repercusións sobre os salarios percibidos e sobre a produtividade alcanzada. Parámetros, ambos, que, como vimos, están por baixo da media da Unión Europea. No Norte, ao igual que no conxunto portugués, os empregados con baixo nivel de estudos están 16 puntos por encima desa media e rozan os dous terzos das persoas empregadas. En Galicia, ao igual que no conxunto español, as cifras son un pouco mellores e a distancia coa media comunitaria redúcese aos sete puntos e alcanza a un pouco máis da metade do total da poboación empregada.


Táboa 61. Taxas de emprego con baixos estudos

País/región	2000	2010	2019
UE27		44,2	45,1
España	51,5	48,3	52,2
Galicia	55,6	52	52,7
Portugal	66,8	61,5	61,2
Norte	66,8	60	61

Fonte: Eurostat

Amén das dificultades para acceder ao mercado laboral, o grao de satisfacción co traballo desenvolvido logo e conseguido é baixo. No Norte, mesmo por baixo da media comunitaria. En Galicia na contorna desa media.

Mapa 17. Grao de satisfacción co emprego que se ten (2017)



Fonte: Eurostat Regional Yearbook 2019

3.7. A INTEGRACIÓN DA EMIGRACIÓN

Como se recolle máis arriba, a Eurorrexión ten un saldo migratorio positivo. Cómpre ir incrementando ese saldo para afrontar mellor o cambio demográfico. Porén, esta oportunidade pode trocar en ameaza senón se articulan políticas de acollida que faciliten a integración dos

emigrantes. Dispoñer dun emprego digno é a primeira das prioridades porque é a razón fundamental da súa chegada. Neste sentido, o Norte presenta unha mellores cifras que Galicia en relación coa media comunitaria nas taxas de emprego dos emigrantes. En efecto, a Região Norte está case catro puntos por encima da Unión Europea –se ben outros catro por baixo do conxunto portugués–. Pola contra, Galicia está sete puntos por baixo da Unión Europea. A presenza de persoas emigrantes sen emprego ou con empregos moi precarios pode acabar sendo unha fonte de conflitividade que cómpre atallar desde o primeiro momento.

Táboa 62. Taxas de emprego dos emigrantes

País/rexión	2000	2010	2019
UE27		58,5	63
España	59,9	56,2	60,7
Galicia	53,3	59,3	56
Portugal	68,6	65,2	70,7
Norte	62,4	67,9	66,6

Fonte: Eurostat

Toda infraestrutura que permita afrontar con maior eficacia e eficiencia a loita contra os incendios forestais redundará en beneficio da Eurorrexión. A cooperación resulta imprescindible cando a extinción e prevención debe levarse a cabo en zonas de fronteira. A experiencia ten demostrado que emergencias como incendios forestais, inundacións, persoas desaparecidas en leitos fluviais ou zonas naturais compartidas, no entenden de fronteiras. Porén, de non existir un marco de colaboración específico, os servizos de prevención e extinción dun Estado non poden continuar co seu labor no territorio do país veciño. Mesmo cando existe ese marco, sen unha boa coordinación, un coñecemento mutuo das tácticas e técnicas empregadas e unha formación común, prodúcense disfuncionalidades que restan eficacia ás actuacións, e incluso, poden conllevar riscos adicionais para a integridade física dos axentes actuantes. Do mesmo xeito, a existencia de fronteiras administrativas dificulta sinerxias entre os recursos humanos e medios técnicos de prevención e resposta, xa que non son complementarios entre si ao non poder empregarse a ambos lados da fronteira.

2.1.3 Programa de transición enerxética equilibrada que garanta os dereitos dos consumidores e da cidadanía en xeral e promova a optimización enerxética na prestación de servizos básicos

A diminución paulatina da dependencia de combustibles fósiles, primando o uso daqueles menos contaminantes como o gas natural no proceso de transición cara o emprego hexemónico de enerxías renovables é un obxectivo do Pacto Verde da Unión Europea coa finalidade de alcanzar a neutralidade climática en 2050, xunto coa electrificación da economía, a eficiencia enerxética e a xeración distribuída. A Eurorrexión, como vimos, parte dunha boa posición relativa pero queda aínda moito camiño por andar. Os poderes públicos teñen que dar transparencia e seguridade xurídica, eliminando todas as incertezas que lastran os investimentos en materia enerxética e no autoconsumo eléctrico. Tamén teñen que impulsar a I+D relacionada co sector para ir eliminando obstáculos como poden ser os actuais colos de botella entre a produción, o almacenamento, o transporte e a distribución de electricidade a partir de fontes renovables; o mesmo acontece co necesario impulso a investigación nas enerxías undimotrices e maremotrices menos dependentes das condicións climatolóxicas que as eólicas e hidroeléctricas. No campo da eficiencia enerxética cómpre implementar medidas que permitan superar a ineficiencia da maior parte do actual parque de vivendas e reducir a intensidade enerxética do tecido empresarial. Tampouco podemos esquecer o necesario labor de educación ambiental da cidadanía para estimular tanto o aforro enerxético como a xeración propia para o autoconsumo, con tratamentos fiscais acaídos a consecución destes obxectivos. A fin de contas, os poderes públicos non só teñen que velar por unha transición xusta que impida situacións de pobreza enerxética senón que tamén deben procurar alcanzar o maior grao posible de soberanía enerxética. É importante asegurar que os apoios á eficiencia enerxética xa iniciados no período de programación 2014-2020 teñan unha maior operatividade e claridade de orientacións, transformándose en verdadeiros e eficaces estímulos á transición cara un novo paradigma enerxético. O camiño iniciado nas estacións de depuración de augas da Eurorrexión, onde se advertiu que existe un potencial de eficiencia enerxética nas instalacións dun 20%, debe ter continuidade nos sistemas de abastecemento e saneamento que posúen un elevado consumo enerxético e unha ampla marxe de mellora.

2.1.4 Mellora dos Plans de Mobilidade Urbana Sostible (PMUS) a través de accións de benchmarking eurorexional

O transporte é un dos principais responsables da emisión de gases de efecto invernadoiro con tres importantes externalidades: a aceleración do cambio climático, o incremento do coste

sanitario e o impacto sobre a produtividade que xeran as baixas laborais inherentes. Os PMUS, actúan sobre estas tres externalidades ao estar concibidos para deseñar unha rede viaria favorecedora da mobilidade suave e descarbonizada que converta as persoas no epicentro da ocupación dos espazos públicos en detrimento dos vehículos motorizados, a xestión dixitalizada da mobilidade pesada que limite ao máximo os seus inconvenientes e a mellora na eficiencia enerxética do transporte público con efecto multiplicador sobre o pesado a través de incentivos selectivos positivos e negativos. Nestes momentos, as principais cidades e moitas vilas da Eurorrexión teñen en vigor ou en tramitación os seus propios PMUS, xa que logo, é un bo momento para elaborar unha estratexia coordinada de benchmarking que permita optimizar os resultados da súa aplicación, minorando as disfuncións observadas e difundindo os avances logrados. Porén, a importancia destes instrumentos de política pública para un novo paradigma enerxético non poden ser disociados de melloras nos transportes públicos de elevada capacidade que esixen unha forte participación do investimento público nacional, debidamente articulado cos programas de descarbonización dos transportes a nivel rexional, provincial (sub-regional) e municipal. As estruturas de cooperación están chamadas a liderar esta prioridade en coordinación coas autoridades públicas e os actores da sociedade civil implicados.

2.1.5 Apoio a proxectos emblemáticos de responsabilidade social corporativa das empresas en materia de intervención no territorio para adaptación e mitigación de alteracións climáticas

O tecido empresarial é, xunto coas administracións públicas, un actor nuclear na resiliencia eurorrexional fronte ao cambio ambiental global. Evidentemente, a adaptación de toda a cadea de producción e suministro resulta fundamental neste obxectivo pero a imaxe icónica que traslada á sociedade nesa adaptación é tamén decisiva para incrementar a resiliencia. Sen dúbida, a visibilidade das campañas de sensibilización das grandes empresas asentadas ou con intereses no territorio resulta indispensable, como tamén os investimentos que fan en I+D relacionados con este ámbito. Porén, cómpre apoiar especialmente aquelas xurdidas das pequenas e medianas que contan con menos recursos financeiros pero teñen un efecto de imitación maior pola súa proximidade e complicitade cos clientes e consumidores. A redución do emprego de plásticos, as medidas de eficiencia enerxética das súas instalacións e dos seus produtos, o consumo crecente de enerxía de fontes renovables, a introdución da mobilidade suave nos seus procesos...son exemplos de proxectos de responsabilidade social corporativa transversal e enfocada ás expectativas dos seus grupos de interese (stakeholders).

2.1.6 Apoio ao Concellos e municipalidades para fomentar á súa adhesión ao Pacto Europeo dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía

O obxectivo deste apoio ten que ser o de acadar una Eurorrexión con tódalas súas estruturas municipais involucradas no desenvolvemento e aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto dos Alcaldes consiste no compromiso dos concellos asinantes de fazer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO₂ no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como, un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela, para mellorar o acceso á enerxía segura, sustentable e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

2.1.7. Fomento de actuacións de prevención, protección e resposta fronte aos riscos de inundacións e doutras que contribúan á redución da vulnerabilidade dos sistemas de abastecemento fronte as secas

A estratexia europea de adaptación ao cambio climático establece un marco de desenvolvemento para a toma de decisións nesta materia e a adaptación dos sectores más vulnerables. Tanto en Galicia como na Região Norte téñense elaborado estratexias para conseguir que sexan territorios neutros en carbono e conformados por ecosistemas e poboacións resilientes aos efectos do cambio ambiental global. Estas estratexias contemplan varias liñas de actuación relacionadas coa xestión dos recursos hídricos, como son o fomento das infraestruturas verdes, a promoción, conservación e uso eficiente dos recursos hídricos, a redución da vulnerabilidade do territorio e das xentes diante dos riscos xerados polo cambio ambiental global, a mellora dos sistemas de monitoreo e seguimento dos seus efectos ou o fomento da sensibilización da cidadanía nesta materia.

No ámbito da Eurorrexión, o cambio ambiental global está a repercutir na distribución das precipitacións, facendo que cada vez sexan más frecuentes e severos os episodios extremos tanto de secas como de inundacións, producindo desequilibrios nos balances globais hídricos. A Eurorrexión tense caracterizado pola súa densa rede fluvial e por un réxime de precipitacións abundante e distribuído ao longo de todo o ano de forma más o menos homoxénea, o que ten

permitido que o principal aproveitamento dos recursos hídricos se realizara en réxime natural. Pero isto pode comezar a mudar e é preciso realizar un gran esforzo na mitigación e adaptación aos efectos do cambio climático, mellorando a predición e resposta aos cada vez más frecuentes eventos extremos.

2.2. E2. PE2. PROMOCIÓN DA ECONOMÍA CIRCULAR E DO USO SOSTIBLE DOS RECURSOS NATURAIS

A economía circular basease na redución ao mínimo dos residuos e do uso de recursos, especialmente os naturais. Conforme ao establecido na Directiva 2008/98/CE, os Estados membros da Unión Europea comprométíanse á reutilización ou reciclado do 50% dos seus residuos para o ano 2020. España, en 2017, aínda estaba lonxe dese obxectivo dado que a suma de residuos recicladou ou compostados era do 36,1%. En 2018, Portugal alcanzaba unha porcentaxe de reutilización e reciclado do 40%. Galicia, pola súa banda, apenas conseguía unha porcentaxe, en 2017, do 19%, moi lonxe da meta acordada pola Unión Europea. Na dinámica circular, os recursos deben conservarse dentro da economía cando un determinado produto alcanza o final da súa vida útil, para que, así, se poidan volver utilizar repetidamente e, en consecuencia, poidan seguir creando valor. Para lograr este obxectivo, cómpre impulsar a innovación relacionada coa economía circular, começando co deseño ecolóxico na fase de producción; impulsando a tripla R de reutilización, refabricación e reparación; incrementando as materias primas secundarias coa conversión de residuos en recursos; ou estimulando a bioeconomía, nomeadamente na agoalimentación, na florestal, na pesca e na acuicultura, na enerxía e no tratamento das augas. Tamén sería moi útil poñer en común, nun mapa xeoreferenciado todos os equipamentos da Eurorrexión que estean a traballar no eido da economía circular, para a facilitar a súa extensión como espazo virtual que serva para a planificación, a avaliación de necesidades, e mesmo para ofrecer unha opción facilitadora das iniciativas de economía circular. Compartir iniciativas e mesmo facer uso dos equipamentos baixo os principios da economía circular contribuirá á mellora do emprego, ao aforro en materiais, a menor exposición á volatilidade de prezos e riscos en subministro, á dinamización da investigación e o coñecemento, á diminución das emisión GEI e, en definitiva, ao incremento da calidade de vida das persoas. Tal e como recolle o Pacto Verde da Comisión Europea, é preciso a mobilización da industria, sinaladamente a que maiores recursos consume como a téxtil, a construcción, a electrónica e os plásticos, a prol desta economía para xerar novos postos de traballo estimulando, ao mesmo tempo o mercado de produtos climaticamente neutros e circulares. Será importante seguir con atención a emergencia de axendas rexionais para a

valorización da economía circular en Portugal e en Galicia. O feito de tratarse de “economía circular” significa que os procesos de redución da “economía lineal” e de intervención no metabolismo económico das rexións deben asumir formas empresariais e de mercado, polo que a necesidade de xeración de efectos inducidos e de apoio firme a proxectos piloto capaces de asegurar esa inducción semellan vitais para lograr conseguir unha economía más circular.

2.2.1 Apoio ás accións de descartes cero na pesca, de verme-compostaxe no sector primario, de incremento de consumo de proximidade, de Qm cero e de potenciación da cadea de valor da madeira como modelo de circularidade

O sector primario está destinado a ser un dos grandes beneficiarios da economía circular. No que atinxe as actividades relacionadas co dominio marítimo, cómpre establecer medidas que favorezan o emprego produtivo de todos os descartes pesqueiros que teñen que ser obrigatoriamente desembarcados (coláxenos, xelatinas, cartilaxe...) a través da aplicación de tecnoloxías acaídas; fomentar a recollida e xestión integrada do lixo mariño, especialmente o xerado polas propias actividades pesqueiras (ma contorna do 40% do total); e impulsar a valorización dos residuos das actividades mariñas seguindo as indicacións da Directiva 2008/98/CE (alimentación animal, cosmética, farmacia...) ao tempo que se combate a parasitose tan negativa para a comercialización de certas especies (pescada). No sector agroalimentario, convén estimular os procesos de biotransformación local dos residuos agro-gandeiros (fertilizantes, biomasa enerxética); emprego cada vez máis xeneralizado de bioplásticos nos envasados (poliestireno expandido) fabricados a partir de residuos agro-gandeiros; redución intensa da xeración de desperdicios alimentarios no consumo e na cadea de distribución comercial, con amplas campañas de sensibilización, nomeadamente no ámbito escolar, e de colaboración con organizacións como os bancos de alimentos. Unha das leccións más interesantes que podemos tirar dos efectos directos da pandemia da CIVID-19, no caso galego, foi o éxito da iniciativa de mercaproximidade. Esta experiencia cómpre escalala na liña da proposta “Da granxa á mesa” recollida no Pacto Verde. Sería conveniente impulsar un cluster transfronteirizo da madeira que se propuxera como unha das súas primeiras metas potenciar o modelo de circularidade da súa cadea de valor. En calquera caso, é esencial crear o hábito de considerar os produtos eurorrexionais, no contexto do seu ciclo global de transformación ata o mercado de consumo final, como paso crucial para xerar unha nova cultura de sustentabilidade.

2.2.2 Mellora na xestión do ciclo da auga, fomentando a eficiencia dos sistemas, incrementando a utilización de infraestruturas verdes, garantindo o cumprimento dos obxectivos medioambientais e introducindo o concepto de biofactoría para aproveitar o potencial das estacións depuradoras de augas residuais e industriais, incrementando a re-utilización das augas

A auga é un recurso limitado, escaso e fráxil ao mesmo tempo que insustituible para a supervivencia da especie humana. A cultura do aforro é unha prioridade que cómpre abordar con campañas de educación e sensibilización. A demanda de auga, só para uso doméstico e público, incrementarase a nivel mundial nun 50%, para usos industriais nun 87% e noutro 45% adicional para necesidades da agricultura. Como combinación dos cambios nos patróns de recursos dispoñibles e demandas, prevese que en 2035 o estrés hídrico afecte ao 40% da poboación. Na eurorrexión, o abastecemento de augas ten unha captación que procede de fontes superficiais, fronte as subterráneas. Mesmo no caso de Galicia a porcentaxe chega ao 95,6%. Isto pode supoñer un problema nun escenario de cambio ambiental global. Polo que respecta a calidade das masas de auga, os progresos teñen sido importantes nos últimos anos. Na Região Norte teñen unha boa ou superior calidade o 100% das masas de augas subterráneas e dous terzos das superficiais, se ben a cunca hidrográfica do Cávado, Ave e Leça ofrece uns datos más baixos. Combater a contaminación dos acuíferos ten que ser pois un obxectivo central desta prioridade de investimento, cómpre seguir avanzado, pois, nos procesos de depuración das augas e diminuir o volume de vertidos de augas sen depurar. Outro, sen dúbida, ten que pasar pola mellora das infraestruturas de abastecemento.

Galicia é a cuarta Comunidade Autónoma con más perdidas de auga por fugas na rede e iso non debe continuar. O ciclo de vida da auga resulta un modelo acaído para a economía circular e potenciar esa perspectiva ten que ser un obxectivo claro desta prioridade. A porcentaxe de auga reutilizada en Galicia, en 2016, era apenas do 8,8% por baixo da media española situada nun parco 10,4%. Dese caudal, o 80% destinouse a regos de xardíns e uso en zonas de ocio e o 20% restante a baldeado e limpeza de rúas, nada se derivou cara usos agrarios (61% a nivel español) ou industriais. Cómpre incrementar as porcentaxes de reutilización no conxunto eurorrexional e ampliar os seus usos. Noutras palabras, é fundamental que o uso racional e eficiente da auga se transforme en criterio transversal de todos os proxectos de investimento que manteñan con ese recurso unha relación de dependencia. O plan de acción en economía circular da Comisión Europea, no que se refire á depuración, formula non centrar os esforzos soamente no tratamento das augas, senón tamén na recuperación de produtos de valor engadido a partir das augas residuais. A súa depuración xera biosólidos que poden ser transformados en novos produtos con valor engadido.

2.2.3 Potenciación do servicing e das actividades de reparación, actualización e persoalización e da adquisición de destrezas e formación especializada para facelas sostibles

A nova estratexia de servizalización pretende contribuír a sustentabilidade ambiental e social, a través da achega de valor ao consumidor e ao provedor unindo produtos e servizos, reducindo a importancia daqueles e, por ende, mellorando a eficiencia no uso dos recursos. Esta estratexia require a implicación de diversos axentes e cambios nos patróns de producción e de consumo. A pesares da súa novidade, a servizalización xa ten sido testada en ámbitos tan diversos como a xestión de auga nos fogares (reciclaxe de augas residuais domésticas aproveitamento das pluviais), a mobilidade (uso compartido de coches e bicicletas) e a agricultura (cooperativas agrarias orientadas á prestación de servizos e tecnoloxías de xestión de protección de cultivos, como a xestión biolóxica de pragas). A servizalización pon a énfase na eco-eficiencia incentivando a durabilidade do produto, a súa reutilización e unha recomendación de reciclaxe ao final da súa vida útil tanto por parte do consumidor como do provedor que ten que responder do seu mantemento-reparación e da súa reciclabilidade posterior. Os nichos de mercado laboral que se poden derivar desta estratexia poden ser tamén importantes, amén do seu carácter de innovación social. Para explotar as posibilidades da servizalización é necesario implementar un plan formativo de adquisición das destrezas precisas.

2.2.4 Promoción de produtos e servizos ecodeseñados para os consumidores

Os dereitos dos consumidores son unha das grandes conquistas do dereito comunitario. As estritas normas de etiquetado que garante a calidade e a seguridade dos produtos certificados pola Unión Europea están a contribuír a que un número crecente –máis dun terzo– da cidadanía europea se mostre disposta a escoller marcas, produtos e servizos que perciban como beneficiosos para o ambiente. O Regulamento (CE) 66/2010 sobre a etiqueta ecolólica, eco-etiqueta, é unha ferramenta moi útil neste contexto, porque xera confianza no consumidor e compromiso no produtor ao tempo que achega información útil sobre datas de caducidade demoradas e reciclaxes possibles. Unha campaña eurorrexional de sensibilización e promoción do eco-etiquetado sería unha medida necesaria de desenvolvemento desta prioridade de investimento. Na mesma liña, debería estudiarse un eco-etiquetado específico “Galicia-Norte de Portugal, Eurorrexión Circular” sería acaído para alcanzar dous obxectivos aparentemente diverxentes: promocionar de materias primas locais sostibles e adaptadas aos requisitos da economía circular e proxectar unha imaxe positiva das nosas mercadorías e servizos no exterior.

2.2.5. Fomento do uso de tecnoloxías TIC,s na loita contra incendios e na preservación dos recursos naturais, apostando pola innovación como o deseño e emprego de drons específicos e redes de videovixiancia de espazos ambientalmente vulnerables

É necesario apostar polo uso de recursos de base tecnolóxica e innovadora en materia de extinción de incendios e conservación dos recursos naturais da Eurorrexión como paso previo ao seu emprego como factor de desenvolvemento local sostible e reforzo da cohesión social e territorial a ambos lados da fronteira.

Nese marco deberá incrementarse a capacidade operativa mediante a dotación de recursos específicos segundo as necesidades detectadas, con especial atención ás posibilidades que brindan as NTIC na prevención e extinción de incendios forestais (cabe destacar a utilidade dos drons para a detección precoz, a avaliación do progreso do lume, a remisión de imaxes sobre situación dos equipos) e na preservación dos recursos naturais más ameazados. O deseño de redes de vixiancia da masa forestal transfronteiriza permitirá observar, en tempo real, os incendios da fronteira e levar a cabo unha función de control a través de drons e cámaras que poidan actuar como método disuasorio contra incendiarios. Todo elo contribuirá ao coidado e a explotación sostible do medio e a difusión e uso das novas tecnoloxías, potenciando a súa producción e aplicación.

E.3. UNHA EURORREXIÓN MÁIS SOCIAL, INTEGRADORA, RESILIENTE E SEGURA PARA ENCARAR O DESAFÍO DEMOGRÁFICO E ÁS AMAEZAS Á SAÚDE PÚBLICA

O cambio demográfico que afecta á Eurorrexión, á península ibérica e ao conxunto da Unión Europea, en maior ou menor medida, está caracterizado por un minguante crecemento vexetativo cunhas baixas taxas de fecundidade, crecentes taxas de envellecemento e dependencia senil e saldos migratorios que non sempre compensan e permiten o crecemento real da poboación. Ademais, prodúcense uns movementos internos da poboación que provocan contornas rurais interiores con moi baixas densidades de poboación, mentres medra a poboación urbana, especialmente no litoral no caso da Eurorrexión. Por outra parte, as consecuencias da gran recesión e agora da COVID-19 impediron alcanzar o obxectivo de reducir a pobreza, incluído na Estratexia Europa 2020, e mesmo están a ocasionar un incremento da desigualdade social co adelgazamento das cohortes das clases medias e o regreso de diversas formas de pobreza como a pobreza infantil. Conseguir unha Eurorrexión máis social, integradora, resiliente e segura debe asentar en tres piares axiales: introducir a perspectiva demográfica no conxunto das políticas públicas para poder converter máis facilmente en oportunidades as ameazas do cambio demográfico neste territorio; construír un sólido piar

eurorrexional de dereitos sociais que diminúa os perigos da vulnerabilidade social ao tempo que fortaleza o tecido produtivo; e forxar resiliencia para afrontar novos desafíos á saúde pública, en forma de pandemias ou doutras ameazas.

3.1. E3. PE1. INCLUSIÓN DA PERSPECTIVA DEMOGRÁFICA NAS POLÍTICAS PÚBLICAS

Tanto Galicia como a Região Norte tiveron crecementos naturais negativos da súa poboación en 2018 (-5,9 e -2,2 respectivamente), pero mentres o Norte partía dun crecemento positivo en 2000 (3,6), Galicia xa viña arrastrando un crecemento negativo desde esa data (-3,4). No que respecta ao crecemento real a situación repítese. En 2018 ambas teñen un crecemento de -1, mentres que a situación en 2000 era de crecementos de -1,6 e 7,5 respectivamente. Dito noutras palabras, a Região Norte está a percorrer a pasos acelerados o camiño feito por Galicia en lustros anteriores. Así, as taxas de natalidade en 2000 eran de 12,1 e 7,2, respectivamente, cunha gran diferencia, e pasan a ser en 2018 de 7,7 e 6,1. Esta caída dos nacementos non se ve compensada polo saldo migratorio positivo, con taxas de 4,9 en Galicia e do 1,1 no Norte (en 2018). Parece evidente que a perspectiva demográfica das políticas públicas debe incidir sobre os estímulos á natalidade e a atracción de poboación emigrante moza. En efecto, a cohorte de 0-24 anos representaba en 2000 o 33,52%, no Norte, e o 26,95% en Galicia. En 2018 as porcentaxes eran do 23,96% e do 19,92%, respectivamente. As boas noticias veñen pola banda da esperanza de vida que se ten incrementado entre 2000 e 2019, pasando en Galicia dos 79,4 aos 83,5 anos, mentres que no Norte pasou de 77,2 a 82 anos e da extraordinaria redución das taxas de mortalidade infantil que, entre 1990 e 2019, pasaron de 8,4 a 2,4 en Galicia e de 13,1 a 2,8 na Região Norte.

3.1.1 Plans eurorrexionais de apoio ás familias e a conciliación familiar que impliquen aos axentes sociais, con especial atención á vivenda, ao emprego, a educación de 0 a 3 anos e a dependencia, con estímulos fiscais á natalidade

Un dos parámetros polos que pasa a sustentabilidade demográfica da Eurorrexión é o incremento da cohorte de menores de 16 anos. Galicia (11,8%) e Região Norte (12,8%) están por baixo das porcentaxes medias da UE (15,1%) e dos seus respectivos países (España, 14,7% e Portugal, 13,6%). As dificultades da mocidade para independizarse dos fogares familiares e ter recursos económicos propios reflíctese na idade das nais ao primeiro parto en Galicia (30,5 anos en 2000 e 32,8 en 2019) e no Norte (28,5 en 2000 e 31,7 en 2019), sendo lixeiramente superiores as dos seus respectivos países. As sociedades europeas souberon socializar con éxito os custes xerados polo envellecemento e as crecientes esperanzas de vida son a mellor proba diso. Agora cómpre acertar na socialización dos custos de nacer. Afastar a idea de que a fecundidade é unha

cuestión feminina é imprescindible para que as necesarias medidas de conciliación familiar sexan efectivas. Impone un enfoque de xénero. O mesmo acontece coa percepción de que o coidado da dependencia (en Galicia o 72,7% das persoas coidadoras pertencen ao propio fogar) corresponde á familia e, mesmo, ás mulleres en exclusiva é outro atranco considerable a superar para garantir a sustentabilidade demográfica. Os futuros plans eurorrexionais de apoio ás familias, sen importar a tipoloxía á que pertenzan, deben ter unha importante carga de discriminación fiscal positiva a prol do incremento do número de fillos por unidade familiar, sobre todo pensando que as enquisas amosan que a infecundidade non é unha opción voluntaria senón que ven determinada polos condicionamentos de emancipación económica e da seguridade e estabilidade laboral. Porén, alén da necesidade de firmeza e de persistencia das políticas públicas nesta materia, a Eurorrexión debe prepararse e organizarse para un ciclo demográfico adverso que se vai prolongar polo menos por dúas décadas se non son máis.

3.1.2 Estímulo do emprendemento mozo e da formación orientada ao mercado laboral

A emancipación económica e a seguridade e estabilidade laboral pasa, necesariamente, por orientar a formación cara o mercado laboral e a empregabilidade. Unha tarefa na que a Eurorrexión, como o conxunto dos seus países, ten moito traballar por facer. Na media da Unión Europea as persoas mozas con estudos ata a secundaria obligatoria teñen unha porcentaxe de empregabilidade, aos tres anos de rematar a formación, do 38,9%, na Regiño Norte do 57,9% e en Galicia do 51,7%. Aquelas que teñen estudios secundarios completos teñen emprego nunha porcentaxe do 73,4% na UE, do 75,6% na Regiño Norte e do 62,6% en Galicia. As que alcanzan estudios superiores están a traballar nunha porcentaxe do 85% na UE, do 83,7% na Regiño Norte e do 75,8% en Galicia. É verdade que nos últimos anos a formación profesional ten alcanzado un grao de prestixio crecente desde o pozo de marxinación con que era percibida pola sociedade nas súas orixes, pero segue pecando dun exceso de rixidez curricular incompatible coa aceleración de cambios aos que se ten que enfrentar o tecido empresarial cada día. Esa rixidez curricular tamén se pode trasladar ao ensino superior cunha pesada burocracia que encarece e demora en anos o cambio más nimio. Afortunadamente, o sistema universitario portugués é moi máis ágil e debe ser un espello no que poidan aprender as autoridades académicas galegas e españolas. A flexibilidade curricular e axilidade administrativa non son en absoluto incompatibles co rigor e a calidade académica, todo o contrario. A interacción constante entre os centros de formación e o mercado laboral non só permiten un incremento notable da empregabilidade senón que tamén habilitan mellor aos centros educativos para detectar nichos

de mercado que favorezan o emprendemento como saída ao talento en beneficio do conxunto da sociedade. Porén, a empregabilidade da mocidade, con percorridos profesionais cada vez más complexos e erráticos, non se pode disociar da remuneración salarial da máis cualificada xeración que está a chegar ao mercado de traballo da Eurorrexión. A brecha salarial que continúa a existir entre a Eurorrexión (coa Região Norte fortemente penalizada no contexto do confronto intra-Eurorrexional) e outros países da Unión Europea penalizan fortemente a fixación da poboación moza.

3.1.3 Apoio a proxectos emblemáticos de responsabilidade social corporativa centrados na conciliación da vida profesional e familiar e apoio ao incremento da fecundidade de mulleres activas

Afrontar os desafíos do cambio demográfico non pode ser só un labor das administracións públicas. É o conxunto da sociedade quen ten que dar esa batalla. O sector empresarial dun xeito moi proactivo. Talvez un enfoque acaído para incentivalo poida ser o do incremento da produtividade que se pode derivar da implantación de medidas eficientes de conciliación familiar con enfoque de xénero nas súas instalacións. En efecto, a Eurorrexión presenta unhas cifras de produtividade por baixo da media da Unión Europea, no caso da Região Norte apenas alcanza o 47% desa media (2015) e Galicia chega ao 85% (2015). Na mesma liña, mentres que na Unión Europea un 42,8% dos traballadores se mostran satisfeitos co seu actual emprego, esa porcentaxe sitúase entre o 40 e o 50% en Galicia e entre o 30 e o 40% na Região Norte. É evidente que o incremento da produtividade non se vai alcanzar só con medidas de conciliación familiar e incentivos a fecundidade das mulleres activas pero pode ser un paso que xere efecto inducido en toda a cadea, , flexibilizando as condicións de traballo e non penalizando as carreiras profesionais femininas. As taxas de fecundidade mostran unha lixeira recuperación en Galicia (0,96 en 2000 e 1,04 en 2019) o que pode querer indicar unha aterraxe que cómpre impulsar cara arriba. Por contra, no Norte o proceso é inverso (1,52 en 2000 e 1,26 en 2019) en busca desa aterraxe. En todo caso, as dúas rexións teñen taxas más baixas que os seus países.

3.1.4 Programa de retorno e atracción de nova poboación, incentivando a mitigación da desertificación demográfica do rural e a inclusión social dos emigrados e retornados

Outro parámetro fundamental para asegurar a sustentabilidade demográfica da Eurorrexión é a potenciación dun saldo migratorio positivo que atraía especialmente a xente moza. Os datos desagregados de Galicia móstrannos que no último lustro o saldo migratorio é positivo en 19.046. No mesmo período, o 36,6% dos emigrantes tiñan menos de 30 anos, mentres foron un 39,2% dos inmigrantes os que tiñan esa idade. Hai, pois, nestes datos unha pequena xanela

aberta á esperanza que cómpre agrandala ata convertela nunha gran porta a chagada de xente moza. Con todo, no lado oposto é preocupante a porcentaxe de xente moza que está a emigrar. Mesmo na Região Norte a porcentaxe de feminidade ten subido un punto neste século –ao igual que no conxunto de Portugal– o que remite a patróns migratorios do século pasado. Resulta prioritario retornar todo o talento mozo que perdemos nos últimos anos e iso require, igual que acontece coa natalidade, a creación dunha contorna favorable desde o punto de vista do emprego e da seguridade económica. Porén, os fluxos migratorios deben ser planificados coa perspectiva de prestar unha destacada contribución á mitigar o preocupante desequilibrio na ocupación do territorio, cun interior que se baleira aceleradamente. A inmigración ten que ofrecer seguridade tanto para os que veñen como para os que xa están aquí. A integración convértese nunha prioridade imperiosa e para iso cómpre garantir empregos e condicións de vida digna para os que chegan, que evite a creación de guetos de exclusión e pobreza. Neste sentido, as taxas de emprego dos emigrantes sitúanse cinco puntos por baixo do total na Unión Europea. Na Região Norte faino en 2 puntos e en Galicia nuns preocupantes oito puntos. A distancia agrávase se falamos das taxas de ocupación das mulleres emigrantes en relación co total das mulleres. Dez puntos menos no conxunto da Unión Europea, trece na Região Norte e catorce en Galicia. Tamén é preciso ter previstas facilidades para a incorporación das persoas emigrantes ao tecido social. Un dato a favor, no caso galego por exemplo, é que a metade dos inmigrantes coñece unha das linguas oficiais. A atracción de talento e poboación moza é hoxe unha tarefa con gran concorrencia dada a dimensión do declive demográfico en toda a Unión Europea. O que significa que todos os países aspiran a captar ese segmento poboacional, proceso no que as economías con mercados de traballo más potentes e bases económicas más sólidas están mellor posicionados. O apelo à creatividade e à imaxinación das políticas públicas de atracción da poboación moza debe ser un factor de diferenciación a ter en conta, coa dimensión da sustentabilidade ambiental dos territorios nun lugar destacado nesa creatividade. E, last but not the least, destacar a importancia do alumnado de mobilidade internacional que estudia na Eurorrexión e que debe constituír un público-albo desa atracción, pois as súas vivencias aquí e o grao de excelencia universitaria que esa mocidade perciba representan un capital de experiencia irrecusuable.

3.1.5 Impulso do envellecemento activo e saudable, así como das posibilidades da economía do envellecemento (silver economy), maximizando o aproveitamento das oportunidades que brindan as solucións dixitais

O enfoque co que cómpre abordar o alongamento da esperanza de vida e da crescente porcentaxe das cohortes que superan os 65 anos é considerar todo isto como unha fortaleza. En

efecto, fronte ao 20,2% que supón esta cohorte na UE, na Região Norte representa o 20,4% (partindo dun 13,5% a comezos de século) e en Galicia un 25,1% (partindo dun 20,1% no mesmo período). Se tomamos a cohorte de maiores de 85 anos, daquela a media da UE está no 2,8% da poboación total, Galicia supera amplamente esa cifra cunha porcentaxe do 4,6%, anticipando nunha década o comportamento do resto da Unión, mentres que a Região Norte ten unha porcentaxe do 2,6%, lixeiramente inferior á media comunitaria. A prioridade de investimento debe pasar, en primeiro lugar, por garantir á saúde destas cohortes, as más afectadas pola CODI-19. En segundo lugar, por potenciar as posibilidades da silver economy, como oportunidade de novos empregos xerados pola satisfacción das necesidades de servizos e produtos dun crecente segmento da poboación con importante capacidade de consumo e poder adquisitivo, no contexto eurorexional: xerontotecnoloxía (aplicacións tecnolóxicas que faciliten a vida independente dos maiores en todos os ámbitos), teleasistencia cognitiva (apps de atención hospitalaria, axuda ambulatoria e servizos de acompañamento), domótica adaptada no parque inmobiliario, servizos de lecer adaptados ás súas necesidades con novos nichos que combinen o saber tradicional acumulado por estas xeracións coas novas tecnoloxías, satisfacendo a permanente ansia humana polo coñecemento con programas formativos adaptados as expectativas e necesidades da terceira idade. Con todo, as poboacións máis envellecidas que viven en territorios de baixa densidade deben merecer unha atención particular dos servizos públicos, o que non significa esquecer os fenómenos do illamento e da pobreza urbana de persoas maiores que son tamén dramáticos nalgúns das cidades da Eurorexión.

3.2. E3. PE2. AFIRMACIÓN DOS DEREITOS SOCIAIS PARA LIMITAR A VULNERABILIDADE E A DESIGUALDADE CON ENFOQUE DE XÉNERO

O poder de compra estándar (PPS) por habitante da Unión Europea era en 2008 de 25.700 euros, en 2011 xa tiña recuperado ese valor (25.800). Galicia tiña, en 2008, un PPS por habitante de 23.000 e tivo que agardar ata 2015 para recuperalo (23.500, o mesmo ano que España). A Região Norte partía dun PPS por habitante de 16.900 que só recuperou en 2013 (17.000, un ano antes que Portugal). Na evolución do PIB por PPS, Galicia tiña un 88% da media comunitaria en 2008 e ten un 82% en 2017. A Região Norte partía dun 65% e nesa mesma porcentaxe se sitúa en 2017. Non só non se ten producido a desexada converxencia senón que, en Galicia, hai unha involución. O salario medio por hora normal de traballo foi na Unión Europea, en 2017, de 18,4 euros, mentres en Galicia só alcanzou os 13,9 e na Região Norte os 8,5 euros. O salarios que garantan un nivel de vida digno forman parte esencial do Pacto de dereitos económicos, sociais

e culturais de Nacións Unidas, así como a necesidade de pechar a fenda de xénero nas retribucións salariais. A Eurorrexión ten que marcarse como un obxectivo evidente converxer coa media da Unión Europea en ambos dereitos. Porén hai datos nos que a Eurorrexión ofrece unhas mellores expectativas. En efecto, mentres que a poboación en risco de pobreza ou exclusión social ten aumentado en España entre 2008 (23,7%) e 2018 (26,1%), en Galicia ten acontecido o contrario (de 25,1 a 23%), cerca da media da UE para o último ano (21,7%). Non temos datos para a Região Norte, pero Portugal ten un comportamento na liña do galego, pasando dunha porcentaxe do 26 ao 21,6%, xusto na media comunitaria. Se falamos das taxas de risco de pobreza a situación é similar. Nas mesma datas, España pasou dunha porcentaxe do 19,8 ao 21,5%, mentres Galicia percorría case que o mesmo camiño á inversa e pasaba dun 20,9 a un 18,8%, se ben afastándose un pouco máis da media europea para 2018 (16,8%). Portugal, pola súa banda, volve repetir comportamento pasando dun 18,5 a un 17,3%.

3.2.1 Reforzo dos programas de formación profesional dual en colaboración cos axentes sociais e tendo en conta as necesidades dos sectores sociais vulnerables e dos territorios de baixa densidade demográfica

Se atendemos as taxas de emprego das persoas, con menos de 60 anos, que teñen niveis de formación más baixos, sen ter superados os estudos da secundaria obligatoria, na Região Norte alcanzaban un 61% e en Galicia un 52,7%. En ambos casos por encima da media comunitaria (45,1%). Este é un mal dato porque indica o baixo nivel de cualificación do mercado laboral eurorrexional –o que pode xustificar o menor nivel dos salarios que comentamos–. Dentro dos sectores más vulnerables, as taxas de ocupación dos maiores de 55 anos, en 2019, presenten cifras inferiores á media comunitaria (59,1%). A Região Norte ten unha mellor situación cun 56,2%, mentres que Galicia está un pouco máis lonxe cun 52,5%. As taxas de ocupación da mocidade, en 2019, alcanzaron unha porcentaxe do 68,4% na media da Unión Europea, do 69% na Região Norte e do 63,8% en Galicia. Neste caso, os números son lixeiramente mellores en Galicia e moito mellores no Norte. A situación menos mala encontrámola nas mulleres, incluídas no segmento de poboación activa. A ocupación media da Unión Europea é do 63%, fronte ao 65,6% da Região Norte e ao 60,5% de Galicia. Porén, se comparamos os niveis de ocupación de homes e mulleres, a fenda segue sendo moi grande tanto na Unión Europea (10 puntos a favor dos homes), como na Região Norte (7 puntos a favor dos homes) e Galicia (tamén 7 puntos a favor dos homes) o que indica que aínda queda moito por facer no dominio do reparto equilibrado de responsabilidades familiares. Os programas de formación profesional dual que se están a implantar, algúns xa cun certo grao de consolidación, están chamados a ser unha peza

importante na mellora destes índices de ocupación e na diminución das fendas de desigualdade que presentan as nosas sociedades. Porén, deben ir máis alá da ensinanza regulada e achegarse ao obxectivo de integrarse na necesaria formación ao longo da vida se queremos mellorar a cualificación e a empregabilidade. A colaboración entre as administracións públicas e o tecido empresarial volve resultar imprescindible para alcanzar esta meta para racionalizar a oferta dos cursos e espertar a atención e confianza na escolha das familias. Agárdese que dous terzos dos novos empregos esteacoa formación profesional. A formación profesional dual, na Regiño Norte, ten ido evolucionando co obxectivo de fornecer ao mercado de traballo de cualificacións intermedias moi solicitadas polos empregadores, ao mesmo tempo que ten desempeñado tamén un papel importante na diminución do fracaso e do abandono escolar. En Galicia, as taxas de inserción laboral deste tipo de formación alcanzan o 90% dos titulados, en 2018, e tense pasado dunha única titulación ofertada no curso 2012-13 ata as 66 actuais nas que colaboran máis de 200 empresas. Ao mesmo tempo, cómpre destacar tamén a existencia de formas de progresión escolar dos cursos de formación profesional dual que sen asegurar a obtención dun grao revelaron un dinamismo relativamente inesperado, como é o caso dos TeSP, cursos profesionais de ámbito superior, na Regiño Norte. En Galicia acábase de eliminar o límite superior de idade para poder matricularse en títulos e ciclos formativos de formación profesional dual co que se enmarca esta na formación ao longo da vida.

3.2.2 Programa de alfabetización dixital dos maiores e dos sectores socialmente vulnerables, apoiando a capacitación das estruturas de intermediación con esos públicos

A fenda dixital é unha das principais ameazas á igualdade e a inclusión social en todas partes, tamén na Eurorrexión. Unha dificultade a superar estriba na porcentaxe de fogares con acceso a internet que está por baixo da media da Unión Europea (86%). Galicia ten unha porcentaxe do 82%, pero a Regiño Norte queda nun 74%. Outra é a da porcentaxe de persoas, entre 16 e 74 anos, que nunca empregan internet. Tamén aquí estamos por baixo da media comunitaria (11%), mentres en Galicia representan o 17% e na Regiño Norte o 27%. En consecuencia, mentres o 19% da cidadanía comunitaria entre os 16 e os 74 anos merca bens e servizos pola rede, esas porcentaxes quedan reducidas ao 8% en Galicia e ao 7% no Norte. Se reparamos no uso da banca electrónica, fronte a unha media comunitaria do 54%, en Galicia fan uso dela un 50% e na Regiño Norte un moi preocupante 33%. Aquí temos un desafío como sociedade. Se non somos quen de alfabetizar dixitalmente á poboación que carece desas destrezas, pondo o foco nos maiores e nos sectores sociais más vulnerables, non só imos afondar a fenda da desigualdade senón que imos perder o tren da competitividade porque, neste campo, ambas cousas van inseparablemente unidas. Hai porén, un segmento no emprego da rede no que

superamos a media da Unión Europea: o da participación cívico-política (16% na UE, 17% no Norte e 18% en Galicia).

3.2.3 Dinamización de proxectos de innovación e emprendemento social para os sectores sociais más vulnerables, con capacitación, tamén, de entidades da economía social máis tradicional

